

A Federación de Ensino de CCOO organiza un certame artístico-literario para conmemorar o Día das Letras Galegas 2018. Poderá participar alumnado de centros de ensino público e de centros privados-concertados.

## BASES DO CERTAME ARTÍSTICO-LITERARIO “LETRAS GALEGAS 2018”

### Participantes e modalidades:

Poderán participar persoas a título individual ou colectivo (clases ou grupos) nunha destas tres categorías, referidas a alumnado de centros de ensino público ou privados-concertados:

- **Categoría A:** alumnado de Educación Infantil, 1º, 2º e 3º de Educación Primaria.
- **Categoría B:** alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
- **Categoría C:** alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- **Categoría D:** alumnado de Formación Profesional e Bacharelato.

### Traballos:

Consistirán nunha obra literaria-artística, isto é:

- Unha poesía ou relato breve.
- Unha creación artística (fotografía, debuxo, ilustración, creación plástica...) relacionada co texto.

Ambas obras son imprescindibles e deben ser autoría da persoa ou grupo participante.

### Prazo de presentación:

Os traballos poderán presentarse ata o día 7 de maio de 2018.

### Requisitos formais:

Os textos deben estar escritos en lingua galega e a temática dos traballos e a rima serán libres. As poesías non deberán superar os 18 versos e os relatos as 5 páxinas. As obras gráficas deben estar en calquera soporte e poden empregar calquera programa, filtro, técnica... pero deben ter boa calidade.

### Xurado:

A Federación de Ensino de CCOO como entidade organizadora do certame designará o xurado, que estará formado por membros da organización, das editoriais colaboradoras ou persoas docentes. Devandito xurado non manterá ningún tipo de contacto ou parentesco coas persoas participantes.

### Valoración:

O xurado avaliará a obra en conxunto, isto é o texto e a imaxe presentados, analizando a aspectos como a calidade, a orixinalidade, a linguaxe, a técnica, a beleza...

## BASES DO CERTAME ARTÍSTICO-LITERARIO “LETRAS GALEGAS 2018”

<b>Presentación e entrega:</b>	<p>Os traballos serán entregados por unha destas dúas vías, sendo fundamental que cumpran coas bases do certame e que designen a unha persoa docente como referente para as posibles comunicacións.</p> <p>A. EN MAN OU CORREO POSTAL</p> <p>Os traballos (poesía ou relato e obra artística) poden ser enviados aos enderezos que figuran ao final deste documento nun sobre pechado no que figure a lenda: “<b>Certame Letras Galegas 2018 - Federación de Ensino</b>”. Dentro do sobre debe incluírse unha folla cos datos persoais, que debe recoller:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Nome e apelidos.</li><li>• Curso e etapa.</li><li>• Título da obra.</li><li>• Nome, teléfono e localidade do centro de ensino.</li><li>• Nome e correo ou teléfono do profesor/a responsable.</li></ul> <p>No caso de traballos grupais, a folla de datos recollerá os datos da persoa docente responsable do grupo.</p> <p>B. POR CORREO ELECTRÓNICO</p> <p>Enviarase un correo a <a href="mailto:ensino@galicia.ccoo.es">ensino@galicia.ccoo.es</a>, xuntando tres arquivos:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. A poesía ou relato.</li><li>2. A obra artística en formato dixital ou escaneada.</li><li>3. Os datos persoais (que deben conter o referido no anterior apartado).</li></ol>
<b>Resolución:</b>	O fallo do Xurado será inapelable e poderá declarar deserta a concesión de premios se as circunstancias o requiren. Comunicaranse as persoas premiadas a través do profesor/a responsable.
<b>Premios:</b>	Entregarase un diploma e libros cedidos polas editoriais colaboradoras ao 1º, 2º e 3º premio de cada categoría. Poderá celebrarse un acto público de entrega dos premios de asistencia voluntaria.
<b>Dereitos:</b>	As obras presentadas son propiedade das persoas creadoras, mais a Federación de Ensino de CCOO resérvase o dereito de reprodución e difusión das mesmas para fins non lucrativos (exposicións, artigos de revistas, libros...). Pode solicitarse a súa devolución polas mesmas canles que as usadas para a súa presentación.

**O feito de participar neste certame supón a plena aceptación das súas bases e incumprilas excluíra da súa participación.**

**Para calquera dúbida, consúltese á persoa responsable, Daniel García, no enderezo electrónico [danielgarcia@galicia.ccoo.es](mailto:danielgarcia@galicia.ccoo.es) ou no teléfono 682251977.**

### Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar  
CP 15707  
Telf. 981 551 826  
[ensino.stgo@galicia.ccoo.es](mailto:ensino.stgo@galicia.ccoo.es)

### A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar  
CP 15008  
Telf. 981 145 895  
[scensino.coru@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.coru@galicia.ccoo.es)

### Ferrol

Rúa María 42-44  
CP 15402  
Telf. 981 369 336  
[scensino.ferrol@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.ferrol@galicia.ccoo.es)

### Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar  
CP 27002  
Telf. 982 221 060  
[scensino.lugo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.lugo@galicia.ccoo.es)

### Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar  
CP 32300  
Telf. 988 392 256  
[scensino.oure@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.oure@galicia.ccoo.es)

### Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar  
CP 36002  
Telf. 986 866 276  
[scensino.pont@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.pont@galicia.ccoo.es)

### Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán  
CP 36212  
Telf. 986 246 847  
[scensino.vigo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.vigo@galicia.ccoo.es)

### O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar  
CP 32300  
Telf. 988 392 256  
[scensino.oure@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.oure@galicia.ccoo.es)

